



PROGRAMA MENTORÍA DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL DA FACULTADE DE ECONOMÍA E EMPRESA

CURSO 2021 -2022

A Facultade de Economía e Empresa (FEE) da Universidade da Coruña (UDC) dende o seu Plan de Acción Titorial (PAT), coa finalidade de que estudantes dos últimos cursos de grao e estudantes de mestrado axuden e orienten a estudantes de novo ingreso na FEE no inicio da súa traxectoria universitaria, convoca o Programa de Mentoría do PAT da FEE para o curso académico 2021-2022.

BASES

1.- PARTICIPANTES

Poderán participar como mentores/as aqueles alumnos/as que no curso 2021-2022 vaian a estar matriculados/as nalgún dos seguintes cursos e titulacións de grao impartidas na FEE:

- 3º ou 4º curso do Grao en Administración e Dirección de Empresas (ADE).
- 3º ou 4º curso do Grao en Ciencias Empresariais.
- 3º ou 4º curso do Grao en Economía.
- 2º curso do Grao Aberto en Ciencias Sociais e Xurídicas.
- 5º curso do Dobre Grao en Empresariais+Turismo.
- 6º curso do Dobre Grao en ADE+Dereito.

Ademais, poderán participar como mentores/as aqueles alumnos/as que cursaran os seus estudos de grao na FEE e que no curso 2021-2022 vaian a estar matriculados/as nalgún dos mestrados oficiais impartidos na FEE:

- Mestrado Universitario en Banca e Finanzas (MUBF).
- Mestrado Universitario en Contabilidade Superior e Auditoría de Contas (MUCSAC).
- Mestrado Universitario en Dirección e Administración de Empresas (MUDAE).
- Mestrado Interuniversitario en Economía (MiE).

No caso de non dispor de suficientes mentores/as, e de xeito extraordinario, poderanse admitir estudantes de grao de cursos inferiores.

Tódolos/as estudantes de novo ingreso matriculados nalgunha das titulacións de oficiais de grao impartidas na FEE no curso 2021-2022, considéranse, *de facto*, alumnos/as mentorizados/as.

2.- PRAZAS OFERTADAS

Número de prazas de mentor/a ofertadas por titulación oficial de grao é o seguinte:

TITULACIÓN	Nº PRAZAS
GRAO EN ADE	6
GRAO EN CIENCIAS EMPRESARIAIS	3
GRAO EN ECONOMÍA	3
GRAO ABERTO EN CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS	1
DOBRE GRAO EN EMPRESARIAIS+TURISMO	1
DOBRE GRAO EN ADE+DEREITO	2

Código Seguro De Verificación	Yvthy0J+B+4DCCS3K8kFEQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Economía e Empresa - Manuel Alberto Gómez Suárez	Asinado	09/06/2021 09:58:30
Observacións		Páxina	1/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Yvthy0J+B+4DCCS3K8kFEQ==		





3.- PROCESO DE SELECCIÓN

As prazas ofertadas asignaranse atendendo aos seguintes criterios:

1. Ter formado parte do Programa de Mentoría do PAT da FEE no curso 2020-2021.
2. Orde de inscrición.

Aquelas persoas que non sexan seleccionadas pasarán a formar parte dunha Listaxe de agarda.

No caso de que ao longo do curso algún/ha mentor/a cause baixa, recorrerase a dita Listaxe de agarda.

4.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Para a inscrición no programa será preciso cubrir o **Formulario de solicitude de participación**, dispoñible no seguinte enderezo: <http://bit.ly/patfeement2122>.

O PAT da FEE resérvase o dereito de poder esixir ás persoas seleccionadas aqueles documentos que estime oportunos para acreditar a súa vinculación coa Universidade da Coruña.

5.- PRAZO

O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto desde o día da publicación desta convocatoria ata as **23:45 horas do venres 9 de xullo de 2021**.

6.- RESOLUCIÓN

Unha vez pechado o prazo de inscrición, nun prazo máximo de 15 días hábiles, publicarase na Sección do PAT da páxina web da FEE a prelación de solicitantes resultante.

Así mesmo, os/as solicitantes adxudicatarios/as dunha praza serán informados tamén vía correo electrónico á súa conta de correo electrónico institucional (@udc.es)

7.- ACEPTACIÓN OU RENUNCIA

Os/as solicitantes adxudicatarios/as dunha praza disporán dun prazo de dous días hábiles para aceptar a praza que se lles ofrece. A aceptación da praza realizarase enviando o Anexo I debidamente cuberto e asinado por correo electrónico á conta do PAT da FEE: pat.fee@udc.gal

Se no prazo de dous días mencionado, non se recibise a aceptación por parte do/a adxudicatario/a, entenderase que renuncia á praza e esta ofertarase á seguinte persoa da Listaxe de agarda.

As comunicacións coas persoas da listaxe de agarda, que por renuncia dos/as adxudicatarios/as tivesen dereito a asignación dunha praza, farase por correo electrónico á conta de correo electrónico institucional (@udc.es) e disporán dun prazo de dous días hábiles para aceptar a praza. No caso de non obter contestación no prazo indicado entenderase que renuncian.

8.- RECOÑECIMENTO AO ALUMANDO MENTOR

Os/as estudantes mentores/as obterán:

- Certificado de participación emitido polo CUFIE, mérito recoñecido no acceso a tódolos Mestrados da FEE
- 1,5 créditos de libre configuración por cada cuatrimestre no que realicen funcións de mentoría.

Código Seguro De Verificación	Yvthy0J+B+4DCCS3K8kFEQ==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Decano/a Facultade de Economía e Empresa - Manuel Alberto Gómez Suárez	Asinado	09/06/2021 09:58:30	
Observacións		Páxina	2/5	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Yvthy0J+B+4DCCS3K8kFEQ==			



9.- OBRIGAS DO ALUMANDO MENTOR

Os/as estudantes mentores/as comprométense a:

1. Asistir ás reunións de coordinación do PAT da FEE.
2. Convocar e realizar ás reunións de seguimento co alumnado mentorizado indicadas pola coordinación do PAT da FEE.
3. Levar ao día a documentación necesaria para a elaboración dos informes oportunos (Formularios).
4. Participar no seguimento do proceso de formación dos seus compañeiros/as tutelados/as.
5. Ofrecer información e apoio aos seus compañeiros/as tutelados/as (sobre o plan de estudo, as actividades do centro e a Universidade, entre outros).
6. Fomentar a participación do alumnado en actividades e xestión do centro.
7. Asistir ás accións de formación que se programen.
8. Colaborar no desenvolvemento de actividades do PAT.
9. Colaborar na recollida de información estatística, entre outras, para a enquisa sobre o Perfil de acceso do alumnado de novo acceso ás titulacións de Grao.

10.- PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPd), e do artigo 11 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), infórmase de que os datos facilitados polos participantes nesta actividade serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), sendo os seus datos de contacto Rúa Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981167000, correo electrónico rpd@udc.gal. Os datos facilitados polos participantes nesta actividade serán recollidos polo PAT da FEE, en particular pola súa coordinadora.

A finalidade do tratamento destes datos persoais é a participación no PROGRAMA MENTORÍA DO PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL DA FACULTADE DE ECONOMÍA E EMPRESA CURSO 2021 -2022. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumprarán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 LOPD.

O tratamento dos datos persoais nesta actividade está baseado no consentimento da persoa participante, a cal terá dereito a retiralo en calquera momento, sen efectos retroactivos, salvo que o tratamento dos datos quede xustificado con algunha das outras bases de lexitimación contempladas no artigo 6 RXPd. Así mesmo, terá dereito a exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, oposición e portabilidade, nos termos e casos recoñecidos na lexislación vixente. Tales dereitos poderanse exercer directamente ante a coordinadora do PAT, ou tamén nalgunha das formas recollidas no seguinte enlace https://www.udc.es/es/gobierno/equipo_reitoral/secretaria/proteccion-de-datos/.

Asinado dixitalmente na Coruña por,

Manuel Alberto Gómez Suárez

Decano da Facultade de Economía e Empresa

Código Seguro De Verificación	Yvthy0J+B+4DCCS3K8kFEQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Economía e Empresa - Manuel Alberto Gómez Suárez	Asinado	09/06/2021 09:58:30
Observacións		Páxina	3/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Yvthy0J+B+4DCCS3K8kFEQ==		





ANEXO I

Impreso de aceptación da praza de mentor/a

D./Dona: _____ DNI: _____

Enderezo _____

Código postal _____ Localidade _____


Teléfono/s _____ / _____

Acepto a praza do Programa de Mentoría do PAT da FEE.

Comprométome a cumprir tódalas obrigas recollidas nas bases da convocatoria do Programa de Mentoría do PAT da FEE.

A Coruña, _____ de _____ de _____
(Sinatura)

SRA. COORDINADORA DO PAT DA FEE

Código Seguro De Verificación	Yvthy0J+B+4DCCS3K8kFEQ==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Decano/a Facultade de Economía e Empresa - Manuel Alberto Gómez Suárez	Asinado	09/06/2021 09:58:30	
Observacións		Páxina	4/5	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Yvthy0J+B+4DCCS3K8kFEQ==			

